

OS SECTORES DE PRODUCCIÓN

- ❑ O **traballo** é unha actividade que permite producir e adquirir bens de consumo.
- ❑ Os traballos clasifícanse en tres sectores de produción segundo as súas características: o **sector primario**, o **sector secundario** e o **sector terciario**.

O **sector primario** comprende todas aquelas actividades dedicadas a obter recursos da natureza para o seu consumo ou transformación.



As actividades máis importantes que pertencen a este sector son a **agricultura**, a **gandería**, a **pesca**, a **minería** e a **silvicultura** ou a **explotación forestal**.

O **sector secundario** ocúpase da transformación das materias primas obtidas no sector primario en novos produtos, chamados **produtos elaborados**.



As principais actividades do sector secundario son a **industria**, a **artesanía** e a **construcción**.

As actividades do **sector terciario** están destinadas á prestación de servizos á poboación: a **sanidade**, a **educación**, o **comercio**, o **transporte** ou o **turismo**.



Unha vez lida a páxina anterior (máis de 1 vez) hai que poñerse "a traballar":



1.- Investiga a zona industrial que hai na túa localidade ou en localidades próximas e busca tres empresas que se adiquen a cada un dos sectores de produción. Que actividades realizan?

2.- Define que son as materias primas e os produtos elaborados.

3.- Clasifica en cada sector produtivo as profesións seguintes: albanel, taxista, mineiro, farmacéutico, bombeiro, artesán, enfermeiro, policía, gandeiro, mestre, cesteiro, enxeñeiro.

sector primario	sector secundario	sector terciario

4.- Ordena, do 1 ao 4, os pasos na adquisición dun produto.

- Transformación da materia prima no produto elaborado.
- Venda do produto aos consumidores.
- Distribución dos produtos aos comercios.
- Obtención da materia prima.

5.- Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

a. O comercio polo miúdo compra grandes cantidades de artigos e véndeos aos consumidores ____

b. O comercio exterior realízase entre países diferentes. ____

c. As materias primas son os recursos da natureza transformados. ____



6.- Investiga, se é necesario coa axuda dun adulto, tres oficios que xa non existen.

A que sector de produción pertence cada un?

7.- Xustifica por que un agricultor pertence ao sector primario, un panadeiro ao sector secundario, e un vendedor ao terciario.
